

# **DETERMINANTES E PRONOMES**

# DETERMINANTES INDEFINIDOS

## Identificadores

Fan referencia a unha entidade indicando de maneira precisa ou imprecisa de cal se trata, ou establecendo unha relación identificadora de igualdade ou diferenza a respecto dos outros membros da mesma clase.

Identificación	Identificadores variables				Identificadores invariables
	Singular		Plural		
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino	
PRECISA	<i>tal</i>		<i>tales</i>		-
IMPRECISA	<i>certo determinado</i>	<i>certa determinada</i>	<i>certos determinados</i>	<i>certas determinadas</i>	<i>calquera</i>
IGUAL	<i>mesmo propio</i>	<i>mesma propia</i>	<i>mesmos propios</i>	<i>mesmas propias</i>	
DIFERENTE	<i>outro</i>	<i>outra</i>	<i>outros</i>	<i>outras</i>	<i>demais</i>

## Observacións sobre os identificadores:

- **calquera**: é forma invariable.

Calquera puido velo.

Calquera dos presentes pode ser elixido.

Calquera o sabe.

- **outro**: aglutínase coas preposicións EN e DE (noutro, noutra...; doutro, doutra...)

Vive noutro mundo.

Son doutra persoa.

Ollo!: De outro partido gañar, haberá liga por diante.

## Cuantificadores

Expresan unha cantidade indeterminada, que pode ser crecente, decrecente, suficiente, etc., sen a precisar numericamente.

### Observacións sobre os cuantificadores:

- **algún**: contrae coas preposicións EN e DE (nalgún, nalgunha...; dalgún, dalgunha...)  
non aparece en enunciados negativos
- **algo / nada**: son cuantificadores cando equivalen a 'algunha cousa' e 'ningunha cousa'

## Formas:

Cantidad	Cuantificadores variables				Cuantificadores invariables
	Singular		Plural		
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino	
CRECENTE	<i>un algún moito demasiado</i>	<i>unha algunha moita demasiada</i>	<i>uns algúns moitos demasiados</i>	<i>unhas algunhas moitas demasiadas</i>	<i>alguén algo máis</i>
	-	-	<i>varios</i>	<i>varias</i>	
DECRECENTE	<i>ningún pouco</i>	<i>ningunha pouca</i>	<i>ningúns poucos</i>	<i>ningunhas poucas</i>	<i>ninguén nada menos</i>
IGUAL	<i>tanto</i>	<i>tanta</i>	<i>tantos</i>	<i>tantas</i>	<i>tanto</i>
SUFICIENTE	<i>bastante</i>		<i>bastantes</i>		-
TOTAL	<i>todo</i>	<i>toda</i>	<i>todos</i>	<i>todas</i>	<i>todo</i>
	-	-	<i>ambos</i>	<i>ambas</i>	-
DISTRIBUTIVA	-	-	-	-	<i>cada cadaquén</i>

# Pronomes relativos

Fan alusión a un elemento referido anteriormente (antecedente).

Formas:

Relativos variables				Relativos invariables
Singular		Plural		<i>que</i> <i>quen</i> <i>cando</i> <i>como</i> <i>onde</i>
Masculino	Feminino	Masculino	Feminino	
<i>canto</i>	<i>canta</i>	<i>cantos</i>	<i>cantas</i>	
<i>cuxo</i>	<i>cuxa</i>	<i>cuxos</i>	<i>cuxas</i>	
<i>o cal</i>	<i>a cal</i>	<i>os cales</i>	<i>as cales</i>	

## Observacións sobre os relativos:

- **que:** invariable en xénero e número  
antecedente animado ou inanimado
- **quen:** invariable en xénero e número  
antecedente animado  
concorda co verbo en P3 (ou P6 co verbo ser)  
  
quen chegue antes que avise  
soubemos quen foron
- **cuxo:** en rexistros formais  
indica unha relación de posesión co antecedente
- **canto:** alude a unha cantidade total (“todo o que, toda a que”)
- **o cal:** referentes animados ou inanimados  
obrigatorio cando vai precedido de preposición
- **cando / como / onde:** adverbios relativos relacionados con entidades inanimadas  
valor temporal “(tempo) en que”  
valor modal “(modo/maneira) en que”  
valor locativo “(lugar) en que”